



PATRICK DOPICO

ANIMADOR SOCIOCULTURAL E ACTIVISTA
TRANS NO COLECTIVO AMIZANDO

*“A xente debería **deixar de ter medo á diversidade e ó cambio**. Ese **medo** só **entorpece e fai dano**, as sociedades evolucionan constantemente e **por qué facer dano ás persoas que dis querer?**”*

*“No colectivo **trans** é difícil, non imposible, atopar a alguén que non tivese que **renunciar a algún lazo afectivo** por verse **desprezado** dalgún xeito”.*

“A xente debería deixar de ter medo á diversidade e ó cambio”



*“Procuro levar unha vida tranquila e sinxela, xa que **o camiño da deconstrución** non o facilita, pero non me importa. **Participar do cambio é algo realmente fermoso.**”*

Patrick Dopico naceu na Coruña hai 28 anos, **animador sociocultural** e apaixonado da **literatura** e a **música**, dedica parte do seu tempo ao **activismo trans** no colectivo **Amizando**, unha asociación que acompaña a persoas da comunidade **queer** no seus procesos de **deconstrución**.



*“Gustárame seguir a traballar e sumar aprendizaxes no sector social. Tamén estou intentando buscar un oco no mundo editorial porque **escribo, quero pensar que medianamente ben.**”*

RAÍCES

A miña familia é esencialmente **migrante**. Por parte de pai son galegos retornados de **Suíza** e por miña nai son migrantes que veñen de **Chile**. Eu nacín aquí pero os meus avós de Chile sempre estiveron **orgullosos da súa orixe**, sobre todo a miña Nona. Mesmo contaban que cando era máis cativo cheguei a ter un deixé de acento chileno. A verdade é que aínda que as **cousas coa familia non sempre sexan sinxelas** non renunciaría a nada do que vivín. **Grazas a iso son o que son.**



*“A xente debería **deixar de ter medo á diversidade e ó cambio**. Ese **medo** só **entorpece e fai dano**, as sociedades evolucionan constantemente e **por qué facer dano ás persoas que dis querer?**”*

DESCUBERTA DA IDENTIDADE

O certo é que foi un **proceso longo**. Foi algo que sempre estivo dentro de min e **non remataba de encaixar**, pero non era capaz de darlle nome porque non sabía como. **Carecía de referentes** e de capacidade para identificar a qué se debía a miña incomodidade. Acostumo moverme no sector “friki” e nel hai unha grande porcentaxe de persoas pertencentes ao **colectivo LGBTQ+**, así que cando comecei a viaxar a outras cidades máis grandes e **coñecín xente trans**, a **maquinaria comezou a moverse e facerse comprensible na miña cabeza**.



*“Non facía outra cousa que pensar e, como no ambiente friki acostuman empregarse moitos máis que nomes, non me resultou complicado comezar unha **transición social** dentro dun **entorno** que consideraba **seguro**. Aínda así, levou tempo sentir que atopara realmente quen era e reunir **coraxe para dar un paso máis “oficial”**”*

Casualmente, como se algo me animase a **loitar pola miña felicidade**, apareceume no instagram a publicación dunha **charla** organizada por varias asociacións (entre elas **Arelas**, **familias de menores trans**) e ao final da mesma acheguéime a unha das poñentes, que me explicou como tiña que facer e a quen dirixirme para que me derivasen aos profesionais axeitados, por sorte na Coruña temos un bo servizo, pero non é así na meirande parte de Galiza.

AMIZANDO



Amizando naceu en 2017 como asociación de ámbito galego para a loita polos dereitos trans coa proposta dunha **Lei Trans Galega**, e despois sumóuse á proposta dunha **Lei Trans Estatal**. Tamén naceu para establecer un **espazo propio e seguro** no que **desenvolverse e coñecer xente en circunstancias similares**.

A miña colaboración en **Amizando** comezou co deseño e implementación dunha actividade polo **Outubro Trans** que realizamos e diriximos entre varias persoas na **Nave 1839**, un local dentro da estación de trens autoxestionado por unha asociación. Antes estivera dous anos en Andalucía formando parte doutros colectivos e, desde entón, xestiono na cidade xunto con outras persoas as actividades da asociación: participación do **Espazo Diverso**, xuntanzas, redes sociais, campañas, etc.

O noso traballo é pedagóxico. Ninguén naceu aprendido e é algo que hai que ir logrando aos poucos, sen presa pero sen pausa. Un cambio inexorable que enriquece á humanidade e polo que loitamos dende **Amizando** a través de tres ámbitos: **o político:** aprobación de leis, medidas de protección, protocolos, discriminación positiva, etc; **o social/pedagóxico:** charlas, actividades, etc, e **o social afectivo:** actividades que involucren ás persoas da asociación e o seu **desenvolvemento, autoestima e benestar.**

DE LOITAS E ESTIGMAS

Segue a haber unha **grande discriminación** respecto ao noso colectivo, fundamentalmente polo **descoñecemento**, a **falta de información** e a **patoloxización á que nos someten.**



*“O problema é que **non hai un coñecemento por parte das institucións** sobre como proceder e a onde **derivar ás persoas trans**”*

O problema é que a meirande parte da sociedade non ten interese ou tempo para informarse, polo que moitas veces **dependemos das institucións** para que nos fagan de altofalante. Esa **mensaxe** adoita transmitirse **alterada, manipulada ou reappropriada por xente que non remata de comprender as nosas vivencias.**

As identidades trans existen dende sempre, foi a chegada destes dogmas o que creou un **sistema ríxido e excluínste** que conlevou un retroceso. Exemplo disto foi o que aconteceu coa **Lei Trans Galega**, que foi tumbada unilateralmente polo PP cando o resto de partidos estaban a favor; ou a Instrución do 23 de outubro de 2018 da Dirección Xeral de Rexistros e Notariado, que nos permitía **mudar o nome no rexistro** e nos documentos pero non o sexo, para o que había que **agardar dous anos** dende o comezo do **tratamento hormonal** segundo a lei 3/2007 do 15 de marzo; ou a **Lei Trans Estatal**, proposta por asociacións e colectivos trans, que estivo **dous anos gardada nun caixón** antes de ser rexistrada a trámite e da que **seguimos sen ter novas.**



*“Titorízase nos e infantilízase nos continuamente relegándonos a **papeis secundarios** e legislando sen pensar en nós nin escoitarnos. **Lexislar no noso nome é secuestrar os nosos dereitos** e dosificarlos nun intento de controlar as identidades que escapan do binarismo **cisheteropatriarcal** que estableceron algunhas relixións”*

A NOSA XENITALIDADE NON DICTA QUEN SOMOS

Non hai unha única maneira de ser trans ou vivir esta identidade, hai diversidade dentro da diversidade, e cada persoa **vive a súa transición de maneira distinta**. Hai persoas que acceden a hormonas pero non a cirurxías ou viceversa, xente que fai ambas ou ningunha. **O inxusto é a titorización médico/xurídica que obriga a pasar polos seus requisitos** para poder realizar un cambio documental creando a idea de que uns somos máis válidos que outros segundo o noso aspecto. **É un xeito de discriminación, de transfobia.**



*“A **incomprensión por parte das familias** ou dos círculos de convivencia (familiares ou de amizades) no mellor dos casos remata desaparecendo, pero na **maioría evoluciona a entornos tóxicos** que levan aos **suicidios** (tamén provocados pola **presión social e médico/xurídica de non ver a túa identidade respectada**) ou a sufrir malos tratos”*

“ISTO NON É VIDA PARA NINGUÉN”



*“No colectivo trans é difícil, non imposible, atopar a alguén que non tivese que **renunciar a algún lazo afectivo** por verse **desprezado** dalgún xeito. Eu mesmo me inclúo neses casos, tiven apoio dunha parte da familia pero rematou **pesando máis quen non o facía**. Teño visto amizades **marchar lonxe** do país e retornar para buscar entornos protexidos, **quedar na rúa** e pasar verdadeiros apuros ou **ter que marchar da casa e sobrevivir como poden** rogando atopar un traballo e ter unha situación máis estable. **Iso non é vida para ningún.**”*



PATRICK COMPARTE REFERENTES

*De esquerda a dereita, **Alana Portero** escritora e activista trans, os seus escritos non deixan indiferente a ningún e **Marsha P. Johnson** unha das pioneiras da revolución de **Stonewall** que loitaron polos dereitos do colectivo e a **conciencia racial**.*

DÍA DO ORGULLO

É a data representativa por excelencia das marchas reivindicativas do **Orgullo LGBTQ+**, aínda que o **colectivo trans** temos algunhas **datas propias** como o 31 de marzo, **Día da visibilidade trans**; o Día pola despatoloxización das identidades **trans**, penúltimo sábado de outubro e o 20 de novembro, **Día Internacional da Memoria Trans** no que se lembran ás persoas trans vítimas de **crimes de odio**. Este ano debido a como están acontecendo as cousas cancelamos a meirande parte dos actos físicos na cidade e **intentaremos levar a cabo algunha actividade a través das redes**, eu asistirei a unha mesa redonda en Santiago con varios activistas máis.



*“De esquerda a dereita, **MJ Rodríguez**, actriz que puxo cara á **realidade trans** a través dos seus papeis na **serie Pose**, que ilustra sobre a cultura do Ballroom, o **concepto de familia asociado** a ésta e a epidemia do VIH/Sida. **Sara Romero**, un dos meus referentes persoais, grazas a ela tiven orientación e apoio no comezo da miña **transición “médica”** e **Victoria Cruz**, outra das pioneiras da **revolución de Stonewall** que loitaron polos dereitos do colectivo e a conciencia racial”*

O maior **problema** que teñen as **mulleres trans** no eido feminista vén da man dun sector do feminismo radical que nega as identidades trans de todas as maneiras posibles. Algunhas delas bastante agresivas. **As mulleres trans son mulleres, non hai outra.** O seu discurso é reducionista e perigoso xa que equipara ás mulleres a unha característica física e binaria, branca e de clase media-alta. **Só queren abolir o xénero cando aparece unha persoa trans.**



*“De esquerda a dereita, **Kevin Benlloch**. **Director de arte** e activista trans que aporta medios visuais para axudar a que se nos entenda e respecte. **Sylvia Rivera**, outra das pioneiras da **revolución de Stonewall** que loitou polos dereitos do colectivo e **Asra Chueco**, persoa **non binaria e autista** que se dedica á escrita, nela plasma a súa visión do mundo introducindo a **diversidade na literatura**, un xeito magnífico de naturalizar e achegar as nosas realidades ao público de todas as idades”*

Pola contra, o **transactivismo** é un movemento cunha forte carga de **deconstrucción** e **activismo transversal**, que se nutre da **loita de mulleres trans racializadas e marxinalizadas**, que busca equidade e respecto e que pode aportar moito ao feminismo rompendo co establecido. **Non hai nada máis deconstrutor ou abolicionista do xénero que unha persoa trans**, porque somos especialmente conscientes do “xogo” de privilexio- non privilexio, e **somos quen quere rachar o taboleiro.**



*“De esquerda a dereita, **Daniela Ferrández**, unha das **maiores activistas** que teño o gusto de coñecer, tanto **a nivel galego** como estatal; ten un discurso increíble e potente con perspectiva histórica. **Indya Moore**, actriz que ao igual que MJ, púxolle cara á **transexualidade** na serie Pose. **Pablo Moldes**, **activista gai e sordo** cun discurso deconstrutivista que dá voz a moitas **minorías** mediante a recopilación de información que pon a disposición de todo aquel que teña interese en aprender.”*



“De esquerda a dereita **Chella Man**, **activista trans, sordo e racializado** que se dedica ao mundo das **artes**. Ten unha ampla plataforma nas redes sociais a través da que procura **educar e amosar a riqueza da diversidade**. **Elsa Ruiz**, **comediante e ilustradora trans** que se converteu nunha cara bastante visible para o colectivo, avoga polo respecto ás **identidades trans non medicalizadas**, é dicir, que non teñen interese en someterse a terapia hormonal e/ou cirurxías ou simplemente non poden.”

QUE É PARA PATRICK UNHA BIBLIOTECA?

“Un lugar de **esparcemento** onde podo nutrirme do coñecemento doutros ou **soñar** nun ambiente relaxado con outros mundos.”

- ESCOLMA DE LECTURAS RECOMENDADAS DENTRO DO MOVEMENTO TRANS (LGTBI)



“De esquerda a dereita, **La chica del latigo** de Julia Serrano. **Historia de lo trans** de Susan Stryker (está un pouco desfasado máis é unha boa maneira de coñecer as nosas orixes). **Lláname Paula** de Concepción Rodríguez Gasch e **Guía de supervivencia para adolescentes trans** de Owl e Fox Fisher.”



“De esquerda a dereita, **Ahora me llamo Luisa** de Jessica Walton, **Soy Jazz** de Jessica Herthel e Jazz Jennings e **1, 2, 3, 4... historietas diversas** de Susanna Martín.”



“De esquerda a dereita, **Negra por los cuatro costados** de C. Riley Snorton e **PirataTrans Carabarco** de Julio Concepción.”

PETISCO PERSOAL

UN LIBRO: Son incapaz de elixir un só libro ou un único autor así que recomendo tres: **Neal Shusterman**, **V.E. Schawb** e **Clara Duarte**.



De esquerda a dereita, **V.E. Schawb**, **Clara Duarte** e **Neal Shusterman**.

UN FILME: **O atlas das nubes**.

UNHA CANCIÓN: **Run Boy Run** de Woodkid.

UN LUGAR: Sen dúbida a **Olla de San Vicente** en Asturias.

UNHA INQUEDANZA: Non ser capaz de **ser autosuficiente e libre**.

UNHA COMIDA: **Ovo frito con patacas e xamón serrano**.

UN SOÑO: **Traballar nunha libraría ou nunha biblioteca**, creo que sería o meu traballo ideal e que algunha editorial publique algunha das historias que escribo.

Pois até aquí a nosa conversa, desde as **BMC** sumámonos á **loita contra a discriminación e a transfobia** co desexo de que o Corufest sexa tamén **festexo do diverso**.

Grazas Patrick!